

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de xullo de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO e DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral accidental, don Pedro Fernández Agustí, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. PERSOAL.- Desestimáronse os recursos de alzada e reposición interpostos contra as resolucións ditadas polo tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico/a medio de xestión, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OEP 2023).

2. PREVENCIÓN E SAÚDE.- Aprobouse o proxecto do Regulamento de Funcionamento Interno do Comité de Seguridade e Saúde do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE URBANISMO

3. LICENZAS.- Aprobouse a licenza urbanística co fin de rehabilitar o edificio sito no rúa San Pedro, 36-36A, para apartamentos turísticos (Exp. 2026/Y001/000353).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse adiar, para un mellor estudo, o expediente de 'Contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación "Aprende Xogando" do Concello de Lugo (Exp. 2025/C003/000034). Execución da resolución número 68/2026 do TACGAL que estima o recurso especial presentado polo Sindicato CCOO en Galicia contra os pregos. Anulación do contrato e continuación provisional.'

- Aprobouse a adxudicación da contratación do programa "Camiño ás aulas" nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Lugo (Exp. 2026-C003-000012) á entidade Ludus Tempori Sociedad Cooperativa Galega,

F27449735.

- Tamén se aprobou a contratación da subministración de medallas, camisetas e trofeos para o Servizo de Deportes do Concello de Lugo. Aprobación do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado (Exp. 2026/C004/000018).

- Acordouse a modificación do contrato e primeira prórroga do 28 de xullo de 2026 ao 27 de xullo de 2027 da prestación do servizo de colaboración na Inspección Tributaria Municipal á mercantil Gestión Tributaria Territorial, SAU, NIF A81957367

Fóra da orde do día e tras a declaración de urxencia previa, adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobouse a resolución da convocatoria de concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo de xefe/a de grupo.

- Delegouse na Excm. Sra. alcaldesa a aprobación das bases de selección de 5 traballadores/as para a Brigada de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais vinculada ao Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local Concello de Lugo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026, cofinanciado parcialmente polo FEADER no Marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023-2027.

- Aprobouse definitivamente o expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución do Plan Parcial do sector SUD S-16.R, que pertencen aos propietarios non incorporados á Xunta de Compensación.

- Adxudicouse a contratación dun servizo de campañas de publicidade institucional na prensa escrita de ámbito local á mercantil EL PROGRESO DE LUGO, S.L, lote 1 e á mercantil LA VOZ DE GALICIA, S.A, lote 2.

- Aprobouse a modificación da Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente pola órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García e o tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.